

ANUNCIO

O Alcalde o día 20/11/2024, ditou a seguinte resolución con número 765/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE PROFESORA DE VIOLÍN DA CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN A DIANA MEDAL RENDAL CON DNI ***3733**

EXPEDIENTE: 2024/G003/000823

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases xerais e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal publicadas, publicadas na sede electrónica do Concello de Melide en data 23/12/2022, no BOP de A Coruña o 29/12/2022.

Logo de ver o resultado final da acta de valoración de méritos de data 19/12/2023 do tribunal de **1 praza de profesor de violín** da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022, publicada na sede electrónica do Concello de Melide:

“(…) *PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO*

Sendo que a aspirante Rosa Mª Vázquez Arias non achega copia que xustifica a posesión do certificado Celga 4 realízase a proba de coñecemento do galego, obtendo a cualificación de APTA.

VALORACIÓN DOS MÉRITOS

O Tribunal á vista das bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 246 de data 29/12/2022 formula a seguinte puntuación dos candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida:

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
ROSA Mª VÁZQUEZ ARIAS	83,16	9	92,16
DIANA MEDAL RENDAL	53,58	9	68,58
ALDARA OTERO LÓPEZ	5,40	9,40	14,80

** Documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia: Deberán achegarse o/s certificado/s do organismo ou ente competente dos servizos prestados a respecto da experiencia alegada e os títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais (BASE 4ª das bases xerais da convocatoria)*

*Proponse para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLÍN da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a ROSA Mª VÁZQUEZ ARIAS con DNI ***1470***

Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación:

1ª Diana Medal Rendal con DNI ***3733**
2ª Aldara Otero López con DNI ***1975** (...)"

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 522/2024, de 1 de agosto de 2024 e asunto: “*Acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración dos aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música dos documentos xustificativos (Expediente: 2024/G003/000552)*”, publicado no BOP nº 151 do 07/08/2024).

Logo de ver o certificado do rexistro de entradas e saídas do Concello de Melide de data 24/09/2024 “*En relación ao anuncio sobre a acreditación das condicións de capacidade e requisitos dos aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música (Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 7 de agosto de 2024 núm.151) no que se concede os/as aspirantes propostos/as que acrediten, cos orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, ante a Administración dentro do prazo de 20 días hábiles*”.

Logo de ver o informe de técnica de Administración Xeral de data 27/09/2024 e asunto: “*Documentación achegada polos aspirantes expediente: 2024/G003/000095*”, no que se di: “**INFORMO**

1º.- **FAVORABLEMENTE** á documentación achegada por todos/as os/as aspirantes antes relacionados/as

2º.- De conformidade co sinalado na Base 10 das bases xerais haberán de seguirse os seguinte trámites:
- *Tratándose de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e á incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza.*
- *Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.*
- *Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.*

3º.- *No caso das prazas de Axudante de Profesor/a e Profesor/a de violín, toda vez que resultou seleccionada a aspirante Rosa Vázquez Arias para ocupar ambas prazas, deberá requirirse a esta dentro do prazo que se estableza para a formalización do contrato e a incorporación para que opte por un dos postos. Respecto da praza pola que non opte esta aspirante, haberán de seguirse os trámites sinalados nas bases.”*

Logo de ver o Informe do Director do Conservatorio de Música Profesional de Melide de data 02/10/2024 relativo ao horario lectivo por especialidades para o curso 2024-2025.

Logo de ver a Resolución nº 647/2024 de data 07/10/2024 e asunto: “*Decreto de autorización á contratación dos/as aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música, convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración*”, no que se resolve:

“PRIMEIRO: Autorizar as contratacións dos/as aspirantes seleccionados/as.

SEGUNDO: Notificar a presente resolución aos/ás candidatos/as seleccionados/as, comunicándolles que no prazo máximo de 10 días a contar desde a súa notificación haberán de asinar, para a súa incorporación inmediata, os contratos de traballo con carácter laboral fixo discontinuo, polas horas que se indican a continuación de conformidade co informe do Director do Conservatorio de música de 02/10/2024, sen prexuízo de que, de conformidade coa RPT aprobada e publicada no BOP nº 165 de data 31/08/2022 poderán ser incrementadas dependendo do número de matrícula:

- ROSA M^a VÁZQUEZ ARIAS con DNI ***1470**, axudante de profesor/a de música: xornada completa
- ROSA M^a VÁZQUEZ ARIAS con DNI ***1470**, profesora de violín: 18 horas á semana (...)

No caso das prazas de Axudante de Profesor/a de música e Profesor/a de violín, toda vez que resultou seleccionada a aspirante Rosa Vázquez Arias para ocupar ambas prazas, esta deberá optar por unha delas dentro do prazo de 10 días antes sinalado, mediante a formalización do contrato que corresponda á praza pola que opte. Respecto da praza pola que non opte esta aspirante, haberán de seguirse os trámites sinalados nas bases.

SEGUNDO: Aprobar a seguinte bolsa de emprego por especialidades:

- Profesor/a de violín: 1^a Diana Medal Rendal con DNI ***3733**
2^a Aldara Otero López con DNI ***1975** (...)"

Logo de ver a notificación da Resolución nº 647/2024 a Rosa María Vázquez Arias con data 08/10/2024 e rexistro de saída 20240000003098, sendo recollida por esta o 09/10/2024.

Logo de ver que dentro do prazo concedido de 10 días Rosa María Vázquez Arias asinou con data 23/10/2024 o contrato correspondente á praza de axudante de profesor/a de música.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Proceder ao chamamento para a praza de PROFESORA DE VIOLÍN a **DIANA MEDAL RENDAL** con DNI nº ***3733** para que no prazo máximo improrrogable de 20 días hábiles dende a notificación do presente acordo acredite ante a administración, orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a Diana Medal Rendal con DNI nº ***3733**.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, martes 19 de novembro de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García."

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 20 de novembro de 2024. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.